



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D <sup>a</sup> , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (21/03/2018).**

Dáse conta da acta do plenos celebrado o 21/03/2018 que se aproba por unanimidade.

**2º.- Acordo, se procede, sobre a ampliación do prazo de presentación de ofertas para o contrato de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións de iluminación pública exterior.**

A Presidencia di que é unha cuestión de trámite debido a que houbo bastantes aclaracións técnicas ás empresas que se van presentar e para que as empresas non tiveran problemas para presentar a documentación correspondente.

O Sr. Secretario explica que o prazo houbo que publicalo no diario da Comunidade Europea, e que era de 52 días naturais polo que sería razoable poñer a metade do prazo, que son 26 días naturais e é o que se propón.

Declárase a urxencia deste asunto na orde do día que se aproba con sete votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que considera que, vía aclaracións que se lle están dando ás empresas, estanse producindo modificacións substanciais dos pregos, algunhas de bastante calado, co cal entende que se deberían de someter novamente os pregos a votación polo Pleno do Concello.



Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que é algo que os pilla de sorpresa e pregunta se hai modificacións substanciais do pregos.

A Presidencia contesta que son aclaracións que foron pedindo as empresas e que se fixeron. Son cuestións basicamente técnicas e considerouse ampliar o prazo para que todas as empresas puidesen presentar a documentación.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE afirma que estas consecuencias son motivadas pola complexidade de dito contrato, polo que o seu grupo vaise abster.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que entre as moitas cuestións que solicitaron aclaracións hai unha que xa foi cuestionada pola súa parte na comisión informativa previa ao pleno no que se aprobaron os pregos. No prego de prescricións técnicas, en concreto nas páxinas 48 e 49, relativo ás características das luminarias, faise unha modificación substancial, en canto a que nos pregos aprobados se lles pedía ás empresas que tiñan que achegar un certificado dun organismo público da Comunidade Europea de ter instalado polo menos 25.000 luminarias dese modelo. Agora, vía aclaración, solicítaselles un certificado do propio fabricante. Polo tanto insiste na necesidade traer ao Pleno do Concello novamente os pregos.

A Presidencia responde que entende que non son cuestións substanciais, senón máis ben cuestións técnicas.

Posta a votación, apróbase a ampliación do prazo por vinte e seis días naturais con sete votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

### **3.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE con motivo da vaga de lumes sufrida en Galicia no ano 2017 para a creación dun plan de medidas preventivas nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no Concello de Vedra.**

O Sr. Secretario di que a moción fai as seguintes propostas:

Por todo o exposto solicitan a aprobación das seguintes propostas:

1º.- Instar ao Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a que acepten as recomendacións expostas no ditame do seu Comité Científico para incluír ao eucalipto no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.

2º.- Instar á Xunta de Galicia e demais administracións a que acheguen máis investimento e medios aos Concellos en materia de prevención e loita contra incendios.

3º.- Crear unha mesa de traballo con expertos/as, traballadores/as do Concello e representantes dos distintos grupos políticos para confeccionar o Plan de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vedra.

4º.- Dotar ao Programa de Servizo de Extinción de Incendios ou ao Programa de Medio Ambiente dos orzamentos municipais con fondos necesarios para levar a cabo as distintas fases do Plan de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vedra.

O Sr. Lema do PP di que o tema é complexo aínda que o camiño vai cara ese contexto, aínda iso leva a formular varios temas complexos e custos. En canto á cualificación como especie invasora expón que hai outras opinión ao respecto e que, en todo caso, o tema está en controlalos e a Lei de Montes vai nesa dirección. En calquera caso está disposto a crear un grupo de traballo e estudar con detemento o asunto.

O Sr. Pose do BNG expón que é evidente que o eucalipto é unha especie invasora.

O Sr. Castro, concelleiro non adscrito, propón unha emenda e engadirlle á moción un novo punto “instar ao Concello de Vedra a que acometa as modificacións e aprobacións



normativas necesarias para que as novas plantacións de eucaliptos e de cultivos forestais só se acometan en solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección ordinaria”.

Posta a votación a moción coa emenda do Sr. Castro, infórmase favorablemente coa abstención do PP.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE procede a expor os motivos da moción para que todos a poidan entender.

Galicia ten unha grande porcentaxe de monte (68,96%) e é unha forte potencia de riqueza forestal para o Estado Español.

No pasado ano 2017 Galicia sufriu un dos desastres naturais máis importantes dos últimos tempos, arrasando segundo datos da Xunta de Galicia máis de 49.000 hectáreas de monte das cales o 23% pertencían á Rede Natura xurdindo unha problemática e un movemento social en contra do eucalipto, considerado para uns unha fonte de riqueza e para outros unha especie invasora.

Como consecuencia do desastre xurdiu en Galicia unha problemática e un movemento social en contra do eucalipto. Unha especie xa implantada totalmente nos nosos montes dende hai moitos anos, sobre todo debido á repoboación masiva con eucaliptos que tivo lugar no tardofranquismo. Especie invasora para algúns e fonte económica para outros, foi considerado o grande culpable de ditos incendios.

Nun ditame solicitado polo Alcalde de Teo ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente concluíu que o eucalipto debería incluírse no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.

Outro culpable da vaga de lumes, ademais do eucalipto, é a limpeza dos montes galegos e a proximidade en moitos casos de vexetación ás vivendas, estradas, alpendres... establecendo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que é responsabilidade dos titulares xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros de perímetro ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, cámpings, gasoleiras,etcétera situadas a menos de 400 metros do monte, e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte. Así o recoñecen nun documento publicado hai pouco na páxina web do concello.

Unha medida de prevención máis eficaz é a creación de redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, que se ben é unha ferramenta definida por lei tamén é certo que require a eliminación dunha grande cantidade de masa forestal. Toman como modelo o Concello de Ames creou o Plan de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, que lle permite dotar á veciñanza dunha ferramenta para repoboar as súas fincas colaborando ao mesmo tempo coa prevención de incendios forestais, aprobando ao mesmo tempo unha ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de xestión de biomasa nos espazos definidos como redes secundarias de faixas conforme á legalidade vixente. Coa implantación do plan e a ordenanza o que pretende é revertir a percepción negativa que adoita ter o cumprimento das obrigas legais de medidas preventivas.

Con esta moción queren que sexan os veciños os que colaboren co concello servíndose das ferramentas que lles vai proporcionar o concello para limpar esas zonas.



Non queren obrigarlles aos veciños a limpar as súas leiras; senón que queren darlle as ferramentas necesarias para que así o fagan e entre todos conseguir ter unhas zonas limpas de vexetación.

O Concello de Vedra conta con 134 núcleos de poboación repartidos en 52,8 km<sup>2</sup> dos cales o 50% é superficie arborada, e se ben o concello vén de publicar o Plan de Emerxencias contra Incendios, non é suficiente, xa que a prevención é a concienciación son piares fundamentais na loita contra incendios.

A maioría deses núcleos de poboación están rodeados de vexetación e cre que é pertinente, necesario e urxente crear o plan de prevención de defensa contra incendios e crear o plan de medidas preventivas para a plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do concello.

Cre que a prevención e concienciación son piares fundamentais na loita contra os incendios e pide o apoio para que se aproben as seguintes propostas:

1º.- Instar ao Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a que acepten as recomendacións expostas no ditame do seu Comité Científico para incluír ao eucalipto no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras. Con esta medida pretenden controlar a plantación de eucalipto.

2º.- Instar á Xunta de Galicia e demais administracións a que acheguen máis investimento e medios aos Concellos en materia de prevención e loita contra incendios. Pretenden adiantarse ao que xa está facendo a Xunta de Galicia. Saú unha noticia na que a Xunta de Galicia instaba aos veciños a limpar esas faixas antes do 31 de maio; algo que é imposible.

Na noticia tamén di que a Xunta de Galicia vai asinar un convenio coa FEGAMP no que se vai sufragar o 75% do custe desas limpezas. Polo tanto considera que é o momento de crear ese plan xa que o 75% vai ser subvencionado e o 25% restante pode chegarse a un acordo entre concello e veciños.

3º.- Crear unha mesa de traballo con expertos/as, traballadores/as do Concello e representantes dos distintos grupos políticos para confeccionar o Plan de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vedra.

4º.- Dotar ao Programa de Servizo de Extinción de Incendios ou ao Programa de Medio Ambiente dos orzamentos municipais con fondos necesarios para levar a cabo as distintas fases do Plan de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vedra. Incluír un quinto punto achegado polo concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, que di:

5º.- Instar ao Concello de Vedra a que acometa as modificacións e aprobacións normativas necesarias para que as novas plantacións de eucaliptos e de cultivos forestais só se acometan en solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección ordinaria.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que poden chegar a o acordo de retirar o primeiro punto da moción pero que non van mover o resto. Cre que é unha moción necesaria, que se adianta a movementos doutras administracións e xa hai concellos que xa o están facendo. Pretenden crear unha mesa de traballo para traballar sobre ese plan e co mesmo dotar aos veciños de ferramentas útiles, necesarias e urxentes.

O Sr. Lema Mougán do PP afirma que ao seu grupo parécelles unha moción oportuno e ao mesmo tempo tamén lles parece apresurado tomar acordos e profundar en algo que



ten grandes repercusións sobre a veciñanza de Vedra, sobre o concello e é necesario constituír esa mesa. Di que se fará para a semana próxima e vai ser para tratar todos eses temas.

Respecto ao primeiro punto da moción de incluír o eucalipto no catálogo de especie exótica invasora sinala que hai opinións diferentes que contradín ese informe da comisión consultiva que non é vinculante.

Di que isto vai afectar moito á veciñanza, que vai ter un gran impacto económico e social. O que solicita é que retiren a moción, constituír esa mesa de traballo e falar eses temas con máis calma e profundar máis neles.

Están de acordo cos puntos dous e tres da moción, e todos eses temas teñen a suficiente importancia como para non ventilalos nunha toma de decisións que representa a moción, que por outro lado é oportuna, pero consideran que esas decisións non se poden tomar de xeito apresurado.

Preocúpalles moito este tema e preocúpalles que os veciños e veciñas de Vedra poidan saír prexudicados coas medidas que se poidan adoptar . O que lles solicitan é ver o tema con máis calma e profundidade e despois de avalialo e ver a resposta doutras administracións, tomar as decisións do que van facer en Vedra.

Di que o seu grupo vai votar en contra da moción e a semana próxima proporán a constitución desa mesa para falar de todos estes temas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o voceiro do PP deu como razón para non aprobar a moción, que sería adoptar medidas que teñen gran repercusión na veciñanza e preguntalle para que está o goberno, se para adoptar medidas que lles repercuta directamente a eles e ao seu entorno ou para gobernar.

Tamén lle pregunta cal é a razón para non rexeitar no acordo o primeiro punto da moción para aceptar o eucalipto como especie exótica invasora; se ten unha razón distinta para discrepar da Ministra de Agricultura do seu partido, porque vén avaliada polo informe emitido por un comité científico do propio Ministerio e hai anos estaba no catálogo de especies potencialmente invasoras.

Cre que se equivocan en a quen defenden. O uso que está tendo e os cultivos actuais de eucalipto están destinados a unha soa industria, ENCE. Pregúntalle ao portavoz do PP, o Sr. Lema Mougán, se defenden aos ex-conselleiros do PP que agora se sentan no consello de administración desas empresas; se defenden aos ex-ministros do PP que agora se sentan no consello de administración desas empresas, ou defenden aos empresarios de Vedra, que precisamente non se abastecen desa materia prima, senón doutra, a cal está precisamente en detrimento e nun futuro inmediato van ter falta de abastecemento precisamente pola ocupación da superficie forestal do eucalipto destinado á trituración e a ENCE. Polo tanto, non defenden á veciñanza.

O que lle pide ao grupo de goberno é que teñan un mínimo de valentía e que adopten as modificacións normativas necesarias para facer unha ordenación do territorio dende o punto de vista medioambiental e para a seguranza dos veciños e veciñas en canto á defensa contra incendios.

Sábese que as franxas de protección, nin as primarias e menos as secundarias, serven de nada cando os incendios acadan as dimensións que acadaron na vaga de lumes do ano pasado. Iso só se combate e evita cunha ordenación do territorio e unha fragmentación da mas vexetal na que existan corta lumes naturais que eviten que os incendios acaden esas dimensións e virulencia. A emenda que se facía na moción vai nese sentido.

Se se defenden determinadas áreas cunha protección en función do seu valor ambiental e paisaxístico, eses valores teñen que ir en detrimento de intereses produtivos inmediatos.



A forma de ordena-lo territorio é ter ferramentas, e se queren renunciar a esas ferramentas deben renunciar a gobernar.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que está confuso porque na comisión informativa dixeron que se ían abster e agora no pleno din que van votar en contra, o cal lle parece unha hipocrisía. Pregúntalle ao Sr. Lema Mougán, do PP, onde ve que se tomen decisións transcendentais na vida das persoas, só están falando de crear unha mesa de traballo e instar á Xunta de Galicia.

Di que poden aceptar retirar o primeiro punto da moción porque ao fin e ao cabo é algo que depende do Ministerio. Os outros tres puntos son para formar unha mesa de traballo e o seu grupo non vai permitir que pasadas dúas ou tres semanas creen a mesa de traballo e se colguen a medalla.

Están falando de cumprir a lei, lei que leva dez ou once anos sen cumprirse. Sinala que os responsables da limpeza dos montes son os concellos e a Xunta de Galicia por fin está movendo ficha e van sufragar o 75% dos gastos.

A moción presenta cinco puntos e o grupo de goberno só está de acordo en dous. Di que ten razón o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, cando afirma que non queren gobernar. Gobernar é tomar decisións que van cambiar ou non a realidade sociocultural e socioeconómica dos veciños e veciñas de Vedra.

Sinala que con esta moción queren facer algo innovador que moi poucos concellos están facendo agora. Cre que urxente vai ser, cando haxa unha vaga de lumes como a do verán pasado e algún veciño ou veciña de Vedra teña un problema; ou cando a Xunta de Galicia lles comunique o 31 de maio que teñen que ir polas casas dicíndolle aos veciños que non limparan as fincas que teñen que pagar unha multa. Esa é a urxencia que ve o seu grupo porque están a finais de abril.

Só faláron de crear unha mesa de traballo para darlle aos veciños e veciñas de Vedra as ferramentas para loitar contra os incendios.

Reafírmase na idea de non retirar a moción porque lles deu moito traballo, cren nela e van ir con ela ata o final.

O Sr. Lema Mougán, do PP, contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que o que fan é un exercicio de gobernar que leva a un exercicio de responsabilidade, de non tomar decisións precipitadas senón decisións estudadas, meditadas e sereas. Di que gobernar non é apresurarse e tomar decisións sen todos os elementos de opinión e valor sobre o tema. Iso preocúpalles e preocúpalles os intereses do concello e dos veciños e veciñas de Vedra e por esa razón queren profundar nese tema e queren propoñer unha mesa de traballo na que se estuden e valoren as medidas a adoptar que sexan competencia do concello.

Sinala que lles preocupa moito toda esa cuestión relacionada cos incendios e coas plantacións das especies pirofóricas, e polo tanto tomarán o asunto coa máxima prioridade e interese. A repercusión económica non é só nos empresarios, senón tamén nos propietarios e produtores de madeira do concello. Esa fonte de riqueza, moi importante en Galicia e que dá traballo a máis de 5.500 persoas, cre que é un tema para tratar con seriedade.

Respecto ao tema das medallas, contéstalle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que non teñen ningún interese en colgarse ningunha.

Debido á complexidade do tema pretende que a mesa de traballo o estude con profundidade.

En canto a dotar ao servizo de extinción de incendios ou ao programa de medio ambiente dos orzamentos municipais con fondos necesarios, sinala que non sabe cales son eses fondos porque non sabe cantas hectáreas teñen que tratar. Cre que é necesario



realizar unha avaliación antes de tomar unha decisión; ver as axudas que ofrece a administración dese 75% e o 25% que achegaría o concello ou a Fegamp.

Trátase dun problema complexo que require de solucións complexas.

Manifesta unha vez máis que non están en contra da moción, senón a favor, pro non a van apoiar nestas condicións, e por respecto á veciñanza merece ser estudada con máis calma.

Respecto ás especies pirofóricas, contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que hai un informe dese comité científico do Ministerio que desautoriza o anterior. Cando menos non hai acordo. O que si é certo é que hai unha riqueza forestal que hai que protexer dos incendios en primeiro lugar, e protexela para que a xente poida ter os seus cultivos forestais.

Parécelle razoable o exposto respecto das faixas de especies caducifolias pero cre que haberá que delimitar ben como, onde sen fan, etcétera.

Anuncia que van rexeitar a moción hoxe, pero a semana que vén terán ocasión xa de sentarse e constituír a mesa para traballar, debater e profundar sobre este tema.

Intervén a Presidencia para aclarar que cando se constituía a mesa para a semana que vén non teñen ningún tipo de problema en dicir que foi a petición do PSdeG-PSOE. Tamén teñen que ver o PXOM respecto da plantación de eucaliptos en certas zonas, e entre todos chegar a acordos.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE replica que non quere nin lle fan falta as medallas. Respecto ao anexo di que non é que se vaian establecer eses prezos, senón que é para que se poida comezar a traballar por algo. Haberá que adaptarse á realidade socioeconómica dos veciños e veciñas de Vedra.

Con esta moción só queren crear unha mesa de traballo. Cando fala de dotar con fondos di que é lóxico porque se van limpar as faixas e haberá que dotar con cartos eses programas. Afirmo que o grupo de goberno quere que a xente siga cultivando eucaliptos e se se segue deste xeito non van chegar nin 200 metros de faixa.

Repite que están dispostos a suprimir o primeiro punto da moción, pro o resto non considera que sexa problemático.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, considera que é de risa que o goberno acuse á oposición de precipitarse, de meter presa, etcétera. Así mesmo, considera que o portavoz do PP ratificou que están para gobernar cuestións sinxelas e do seu entorno, e que do resto non queren saber nada. Tamén lle quedou claro o partidismo do grupo do goberno cando o rexeitamento do primeiro punto da moción para incluír o eucalipto como especie exótica invasora, lles xera dúbidas entre un informe dun comité científico do ministerio e un informe ou valoración do comité político do ministerio da ministra do PP.

Se el tivese a capacidade para retirar a moción, faríao. Para o que queren aprobar bastaríalles un rogo e que o aceptasen.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que a moción queda aí e non a van retirar. Se o grupo de goberno decide vota en contra, anúncialles que non contan co PSdeG-PSOE para a mesa de traballo.

O Sr. Lema Mougán, do PP, vista a actitude negativa sobre o tema, proponlles que non renuncien a traballar polos veciños e veciñas e participen na mesa de traballo.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é unha mágoa que non cheguen a un acordo cando a moción é bastante xenérica e están dispostos a retirar o primeiro punto. Así mesmo, non entende o sentido do voto do PP.

O Sr. Lema Mougán, do PP, recalca que non queren que se adopten acordos antes de profundar nos temas.

Posta a votación, rexéitase a moción do PSdeG-PSOE con sete votos en contra do PP, e cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

#### **4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a limpeza das casa de cultura di que son comentarios que non comparte en absoluto.

2º.- Sobre o retraso das obras do POS+ 2016, a Presidencia di que as obras apróbanse en Pleno, envíanse á Deputación, despois veñen os requirimentos, apróbanse no Pleno da Deputación; apróbanse en Pleno as bases para licitar as obras, licítanse, adxudícanse, etcétera. É normal que se adxudiquen á volta do verán e se hai calquera tipo de problema xa pasan a outubro ou novembro. É algo que pasa aquí en en todos os concellos.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o comentario que fixo ao respecto da frase “as cousas non son gratis” di que non o comparte.

2º.- Sobre quen vai cubrir a praza do Centro Social de Vedra en Semana Santa, a Presidencia contesta que o centro pechou uns días.

3º.- Sobre a obra do campo de fútbol de Vedra, a Presidencia responde que ata agora fíxose a primeira fase e está pendente a drenaxe da zona do campo interior que queda para a segunda fase. Unha vez que se faga a drenaxe ese problema xa se soluciona e non afecta ao que xa está feito.

En canto ao percibido polo arquitecto polo proxecto di que foron 2.420 € IVE engadido.

4º.- Sobre se se vai retomar a iniciativa “Doing Bussines Galicia”, a Presidencia di que si. Están pendentes dunhas comprobacións internas e se todo vai como esperan, no mes de maio traerán a pleno este tema.

5º.- Respecto a implantar unha cámara na fronte do pleno para gravar e transcribir os plenos, a Presidencia contesta que se fará o máis pronto posible.

6º.- Respecto do o tema da humidade e o das goteiras do pavillón municipal, a Presidencia di que agora co bo tempo é cando poden afrontar ditas solucións.

7º.- Respecto da corrección das bases de contratación dun técnico de animación sociocultural publicadas na páxina web, a Presidencia di que xa está contestada.

8º.- Respecto á implantación unha intranet na web municipal, a Presidencia responde que van paso a paso. Agora están na fase de tentar que todo o tema informático funcione correctamente, dadas ademais as novas esixencias da lei na relación administración – administrado. Primeiro van tratar que todo funcione correctamente e despois darán outros pasos.





--As preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Respecto da pregunta dende cando na casa do concello se veñen realizando roldas de identificación de sospeitosos/as de danos ou delitos, a Presidencia di que a deixa pendente para o seguinte pleno.

2º.- Respecto dos comentarios sobre dúas frases que deixou a Presidencia no pleno do mes de marzo, di que son consideracións das que discrepa.

3º.- Sobre o o Plan de Igualdade, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Lema Mougán que di que se recolleron as achegas que se fixeron os distintos grupos. As do PSdeG-PSOE estimáronse parcialmente. En canto ás que formulou o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que nalgunhas non están de acordo e outras xa están recollidas no propio plan. Neste momento o documento está rematado e irá a Pleno e Comisión de asuntos xerais no mes de maio. Agora está no proceso de normalización lingüística e maquetación e terano con antelación suficiente.

Sinala ademais, que haberá unha persoa que se encargue da revisión da linguaxe non sexista en toda a actividade administrativa do concello.

Intentarán acadar os obxectivos máis amplos, e unha vez que vaian analizando e avaliando o plan irán vendo o grao de cumprimento. Unha vez traído a Pleno, poranse operativas esas dúas comisións que o propio plan contempla. Nalgunhas cuestións xa se están adoptando esas medidas aínda que non se aprobou o plan.

Di que o orzamento de dito plan é estimado e está desagregado polas diferentes áreas. Irase concretando en base ás estimacións ao longo do desenvolvemento do plan.

4º.- Respecto ao campo de fútbol de Vedra polas pozas que se forman na pista, e a drenaxe do asfalto, a Presidencia contesta que discrepa da súa opinión. Entende que si funciona e o tipo de asfalto empregado é un dos mellores do mercado e é mellor có que estaba no proxecto, así o sinala a empresa do control de calidade.

Si é certo que existe algunha zona con algunha fochanca; xa está avisada a empresa para adoptar as solucións correspondentes cando o tempo o permita. O arquitecto e a empresa están en contacto para solucionar o problema.

De momento non se devolveu ningún aval.

5º.- Respecto á aplicación móbil “Vedra Activa”, a Presidencia entende que non é un instrumento para captar subvencións. Outra cousa é que esa aplicación teña que funcionar mellor e neso están agora mesmo.

6º.- Respecto da solicitude de facer públicos os estatutos, actas e contas das asociacións “Casa dos peóns” e “Amigos da Camelia, a Presidencia resposta que o deixa para o pleno seguinte.

7º.- Respecto o certificado de ingresos por parte do concello remitido aos concelleiros, a Presidencia entende que o documento entregado no seu momento ten os ingresos totais porque están incluídos plenos, xuntas, xornadas de traballo, etcétera. En todo caso non hai ningún problema por parte do equipo de goberno en que sexan públicas esas cifras.

8º.- Respecto do pago da ocupación dos terreos da estrada de Sarandón, a Presidencia contesta que quedan seis ou sete por liquidar e que se fará nos vindeiros quince días. Algún deles é porque non facilitaron o número de conta.

9º.- Sobre o transporte público, a Presidencia di que xa está contestada.

10º.- Sobre a pregunta ao Sr. Vázquez Martínez, do PP en que consiste a súa asunción de responsabilidades respecto a ese contrato de traballo por un importe de 7.500 € por un mes de traballo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que asume como propio o cálculo de horas e a carga de traballo dese proxecto.



--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do informe pendente sobre a quen lle corresponde o pago da depuradora de Bazar, di que segue pendente. Espera que chegue nos próximos días e en canto o teña xa o informará.

2º.- Respecto á auditoría enerxética realizada pola FAEPAC sobre edificios públicos municipais, A Presidencia di que a FAEPAC non fixo ningunha auditoría enerxética nos edificios públicos municipais.

3º.- Respecto da solicitude á Deputación a cesión de viais, a Presidencia di que no mes de novembro se remitiu o acordo plenario á Deputación. En xaneiro remitiuse o oficio solicitando formalmente esa cesión. Dende o departamento urbanístico chamouse á Deputación e faláron directamente coas enxeñeiras. Estas confirmaron que si teñen a solicitude e que non van resolver solicitudes concretas dos concellos.

O que ten previsto a Deputación é face un estudo dos viais de todos os concellos e propoñer eles as cesións que estimen.

4º.- Respecto da limpeza de cunetas por parte dos veciños e o plan de transporte, a Presidencia considera que xa están contestadas.

#### **5º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Hai uns meses veciños do concello recibiron unha carta da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio polo tema das axudas para arranxar as vivendas polas que pasa o Camiño de Santiago. A raíz desa carta decatouse de que o Camiño de Santiago pasa por San Xián.

Roga que se informe de se pasa ou non pasa por esa parroquia e que habería que facer para incluílo no PXOM.

Pregunta se está delimitado e porque non está reflectido no PXOM.

2º.- Pregunta se están instalados os desfibriladores nos puntos que se aprobaron en Pleno. A Presidencia contesta que está no vehículo de Protección Civil e están pendentes de que se coloquen nos outros dous puntos. Recoñece a súa culpa neste tema.

3º.- Respecto á limpeza das casas de cultura di que non está de acordo co que formulaba a Presidencia o outro día. Pregunta se se vai poñer en contacto cos veciños que se están ocupando agora mesmo da limpeza desas casas e roga que se acorden uns días de limpeza ao mes.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Onde están os orzamentos pra o Plan de defensa contra incendios pendente de aprobar en Xunta de Goberno e do Plan de igualdade.

2º.- Roga que arranxen a beirarrúa que se está esborrallando en Marzán de Abaixo.

3º.- Roga que arranxen os arredores do campo de fútbol de Vedra porque onde está o panel informativo hai un buraco de dimensións importantes.

4º.- Roga que rocen as cunetas e certas zonas como pontes, lavadoiros, etcétera que precisan unha limpeza.

5º.- Segundo unha nova publicada nos xornais, a Xunta de Galicia asinou un convenio de colaboración co 87% dos concellos en materia de prevención e extinción de incendios. Dito convenio contou cun orzamento de trinta e tres millóns de euros para os anos 2016, 2017 e 2018. Ata o momento un total de 267 concellos, 5 mancomunidades



estaban adscritos ao convenio, e dende a vaga de lumes do ano pasado 27 máis expuxeron o seu interese en facelo.

Pregunta se o concello de Vedra ten asinado ese convenio e se ten interese en facelo.

6º.- Respecto da intranet da páxina web municipal di que non ten que ver con que funcione correctamente o resto. Considera que é algo que necesitan algúns concelleiros para ter acceso a certa información, entre eles el, e parece que non queren darlles facilidades.

Trátase de facilitar o acceso á información, non de poñer información a arreo. Pódese poñer documentación por un tempo limitado para visualizar, documentación para só visualizar e non imprimir, etcétera, con acceso con clave ou certificado electrónico.

Están dispostos a estudar o tema e se é preciso redactar unha moción.

7º.- Observou que o vagón do tren instalado en Santa Cruz ten unha serie de pintadas moi singulares. Pregunta canto vai custar a maiores volver a pintalo varias veces.

8º.- Respecto aos locais dos grupos municipais recórdalle que seguen estando sen a plaqueta, sen wifi, que precisan para traballar, e non sobraría unha luz na entrada.

9.- Roga que responda á pregunta formulada no pleno de decembro sobre a porcentaxe de abastecemento e saneamento está feito.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á licitación do contrato de iluminación pública pregunta por que se modificou o prego de prescricións técnicas nas páxinas 48 e 49 relativas ás características das luminarias.

No prego aprobado en Pleno cos votos a favor do PP, esixíase un certificado dun organismo público da Unión Europea de ter instalado 25.000 luminarias de cada marca e modelo que se propoñían na licitación. Posteriormente, vía aclaración na páxina web do concello, substituíuse por un certificado emitido polo fabricante onde diga que instalou esas 25.000 luminarias.

Outra cuestión é a relativa á iluminación das festas pola que preguntan os licitadores. A iluminación das festas non forma parte do contrato, e pregunta como teñen previsto resolver esa cuestión: o consumo e o incremento da demanda de potencia xa que é posible que a adjudicataria teña retencias a facilitar o subministro e ao mellor a instalación ou o cadro non soporta a potencia demanda.

2º.- Parece ser que no campo de fútbol de San Mamede estiveron dúas semanas sen luz. Pregunta se ten constancia dese feito e se o pode aclarar, así como se foi unha avaría de tal importancia como para que se tardara tanto en reparar.

3º.- Respecto do proxecto de fusión do CD San Mamed e a E.D. Val do Ulla pregunta cal é o papel que está a xogar o goberno neste asunto, cal é a pretensión, fórmula e resultado que pretende acadar o concello con esta fusión. Así mesmo, pregunta se o goberno ten a pretensión de que sexa presidente desta nova entidade o concelleiro de deportes.

4º.- Pregunta se a marca “Tabernas da Ulla” é propiedade do concello ou foi apropiada pola Asociación Casa dos peóns.

5º.- Sobre o peche das fincas afectadas pola ampliación da estrada en Sarandón, entende que a tipoloxía e materiais empregados no peche frontal das fincas non é o máis axeitado para o núcleo rural.

Dado que é unha obra feita polo concello, considera que o concello debera aproveitar para executar unha tipoloxía de peche, sendo respectuosos no gasto, que exemplificara os acabadas e materiais propios dos núcleos e que harmonizaran cos núcleos.



Pregunta se eses acabados cumpren coa normativa, se se cumpren as alturas dos peches en todos os casos e se o concello vai permitir no futuro que a xente execute de por si uns peches de semellantes características.

Cando falaba de ser respectuosos no gasto referíase a non facer o que se fixo na corredoira de Pousada en Vedra.

6.- O concelleiro Enrique Vázquez, do PP, que inicialmente dicía que asumía toda a responsabilidade no tema da contratación dos traballos do arquivo polos que se pagou 7.500 € con cartos de todos por un mes de traballo, na resposta de hoxe en Pleno acouta a súa responsabilidade só ao que afecta ao orzamento do traballo.

Pregunta a quen se responsabiliza, supón que ao Alcalde, do nomeamento da persoa que consta no proxecto redactado seis meses antes do proceso de contratación.

Pregunta tamén se se responsabiliza ao Alcalde da contratación, do adiamento do contrato máis alá do que estaba previsto e constaba nas ofertas e da petición das ofertas.

7.- Segundo consta na documentación da última Xunta de Goberno, o concello solicitou unha subvención para promoción do uso da lingua galega para dinamización lingüística. Pide que non soliciten subvencións para caralladas, como esa pola que pagaron 4.300 € por unha aplicación móbil da que se fixeron unha ducia de descargas. Tamén pide que non se dediquen a gastar o diñeiro público en caralladas como o reparto de sobres azucre e panos de mesa polos bares.

Eses cartos son de todos, ben sexan recursos propios do concello ou subvencións finalistas, xa que saen do mesmo sitio.

Roga que se non saben o que poden facer no eido da dinamización lingüística, non fagan nada, non pidan nada e non tiren os cartos de todos os veciños e veciñas de Vedra.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Quere saber cal é o motivo polo que o PP votou en contra da investigación no Tribunal de Contas no Parlamento Galego da contratación dos traballos do arquivo municipal.

2º.- Respecto á cesión de viais por parte da Deputación, efectivamente están tratando de facer eles mesmos a proposta das cesións; pero iso non quita que os concellos que o solicitaron se tramite tamén a súa cesión.

Cónstalle que xeran dous grupos: un con aqueles concellos que solicitan cesións onde non supón un gasto oneroso para a Deputación, que farán pronto; e outro con aqueles concellos que no proceso solicitan cartos para melloras como intercambio da titularidade, que se van demorar no tempo.

Parécelle imprescindible que debido á singularidade do concello de Vedra, onde a propiedade da Deputación é terreo urbano, solicite unha reunión coa Deputación para negociar a cesión aproveitando a singularidade da propiedade en terreo urbano.

Roga que cando se produza esa reunión acudan co arquitecto municipal e cun orzamento elaborado por el, porque é a persoa que legalmente está capacitada para facelo.

3º.- Cal é o motivo polo que a FAEPAC publicou que farán ou fixeron a citada auditoría, porque está publicada.

4º.- Solicita que nos locais dos grupos municipais coloquen unhas caixas de correo para que os veciños poidan contar con eles a través desas caixas de correo.

5º.- Pregúntalle ao Sr. Secretario se resulta que se aprobaron uns pregos de condicións, e posteriormente modificaron esas condicións; ese prego debe volver outra vez a Pleno para a súa aprobación. Pódese modificar por fóra.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Roga que anulen ese prego e volva outra vez a Pleno para proceder á súa aprobación.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cinco minutos.